

Resolución de 16 de xuño, da comisión de selección designada para cualificar o proceso para a selección e contratación entre os/as candidatos/as incluídos/as nas listas previas definitivas, da categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola, perfil “ Dirección e/ ou Xefatura de Obra”, ámbito Servizos Centrais, pola que se convoca á realización da proba.

A comisión de selección designada para cualificar o proceso selectivo para a selección e contratación entre os/as candidatos/as incluídos/as nas listas previas definitivas resultantes do período de actualización de listas, na categoría de Enxeñeiro/a Técnico/a Agrícola, perfil “ Dirección e/ ou Xefatura de Obra”, ámbito Servizos Centrais, e de conformidade co establecido nas bases xerais e específicas das que rexen o proceso, entre outros, **ACORDOU:**

Primeiro.- Convocar á realización da proba teórica.

De conformidade co disposto nas Bases Xerais 2.2.4.3, e nas Bases Específicas II 2.2 das que rexen o proceso, a proba teórica realizarase o día **21 de xuño de 2022** nas instalacións da **Escola Galega de Administración Pública** situadas na **Rúa de Madrid, nº 2-4, Santiago de Compostela**, en chamamento único que comezará ás **10:00 horas**.

A proba teórica consistirá na realización dun exame tipo test que se valorará ata un máximo de 20 puntos, e cunha duración máxima de 1 hora, o seu contido é o determinado nas Bases Específicas II, 2.2.1.

Os/as candidatos/as serán convocados en único chamamento, sendo excluídos/as os que non comparezan, non sendo os casos debidamente xustificados libremente apreciados pola comisión de selección. O prazo para a presentación de xustificante será ata o día seguinte de celebración da proba. Non se admitirá recurso ao respecto das decisións da comisión de selección neste punto.

A orde de actuacións dos/as candidatos/as realizarase segundo o disposto no ANEXO I desta resolución, comezando alfabeticamente por aquel cuxo primeiro apelido empece pola letra “T”, de conformidade co establecido na resolución da Consellería de Facenda do 28 de xaneiro de 2022 (DOG do 04 de febreiro de 2022) e o disposto nas bases xerais que rexen os procesos, ao tratarse dunha proba a celebrar no ano 2022.

A comisión de selección comprobará a identidade dos candidatos antes do inicio da proba, para o cal os/as candidatos/as deberán acudir provistos/as do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir orixinais, ou documento equivalente, sendo excluído/a igualmente quen non poida acreditar a súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

O Presidente da Comisión de selección.
Asdo.- Martín Martínez Abal

